

BANDO

COMUNICACIÓN DE SITUACION DE RISCO EN RELACION Á INFLUENZA AVIARIA EN AVES

Polo presente dase traslado da comunicación da Consellería do Medio Rural sobre a **situación de risco en relación á influenza aviaria en aves, dado que o Concello de Vilar de Santos está en Zona de Especial Vixilancia (ZEV)**, así definidas na Orden APA 2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.

As persoas titulares de currais avícolas familiares de autoconsumo que terán que **inscribilos nun rexistro administrativo** que pode facerse polas seguintes vías:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), cubrindo o formulario MR 501A – Inscripción no rexistro de explotacións avícolas non comerciais;
- Nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural.
- No propio concello para posterior traslado á Oficina Agraria Comarcal de pertenza.
- Por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este rexistro só ten por finalidade o coñecemento por parte da Consellería de Medio Rural da existencia e localización destes currais, información necesaria desde o punto de vista da sanidade animal.

MEDIDAS A APLICAR NAS EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS

- Está prohibida a presenza de aves de curral en centros de concentración de animais (feiras, mercados gandeiros e similares).
- Calquera sospeita de influenza aviaria nas aves da explotación deberá ser comunicada aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural directamente ou a través do veterinario da explotación se o tiveran. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres detectadas na explotación.
- Ademais, recoméndase tomar as seguintes medidas:
 - o Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.
 - o Evitar que as aves domésticas entren en contacto directo con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas e dentro delas coas anátidas.
 - o Protexer os comedeiros e bebedeiros evitando que accedan a eles as aves silvestres.
 - o Evitar darlle de beber ás aves de curral augas ás que puideran ter accedido aves silvestres.
 - o Protexer os depósitos de auga, impedindo que poidan acceder a ela as aves silvestres.
 - o Non soltar ás aves de curral nos terreos mais próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais onde haxa presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas.
 - o As persoas titulares e traballadoras de granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola non comercial evitarán realizar visitas a unha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade, (lavado de roupa, lavado de mans...) especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres migratorias.
 - o As persoas titulares ou traballadoras en explotacións e currais avícolas de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as citadas adecuadas medidas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade

